




O método de traballo www.cowsulting.com

Neste estudo centrámonos na orixe e nas características que definen este software comercial, que o fan diferente a outros similares do mercado por ser un proxecto colaborativo e gratuito para os usuarios, que se mantén grazas ao esforzo dunha serie de axentes altamente implicados e involucrados no seu funcionamento.

Manuel Fernández

Webmaster de www.cowsulting.com


É fácil que nalgún momento oídeses falar de cowsulting a través de artigos de divulgación, formacións ou pola súa presenza en Internet. Tamén oírías dicir que é un sistema de información e o máis fácil é pensar que é un software máis como tantos outros que cobren, sobre todo, o manexo da reprodución pero que entran noutros aspectos, con maior ou menor profundidade, ou os que manexan directamente as salas de muxido. En realidade estamos a falar dun proxecto colaborativo e gratuito para os usuarios, que se mantén con base no esforzo dunha serie de axentes involucrados e altamente implicados.

É unha formulación disruptiva, porque se lles ofrece como un servizo gratuito aos técnicos e, a través deles, aos gandeiros.

ORIXE E EVOLUCIÓN

A súa orixe remóntase a hai máis de quince anos, cando empezamos a capturar datos de control leiteiro de forma automática en Galicia a través do acceso por contrasinal ao ficheiro texto que ofrecía a súa web, moito antes de que se empezase a usar o intercambio de datos cliente-servidor e os servizos actuais de webservice tipo SOAP ou API REST, que se usan xa na maioría dos sectores. Iso si, a presentación que con seguíamos era bastante precaria.

► É UNHA FORMULACIÓN DISRUPTIVA, PORQUE SE LLES OFRECE COMO UN SERVIZO GRATUÍTO AOS TÉCNICOS E, A TRAVÉS DELES, AOS GANDEIROS



Todos os softwares comerciais da época tentaban integralo de forma automática ou manual. Xuntando produción e calidade de leite, conseguíamos peitear boa parte da información da granxa.

Pronto apareceu outra pata importante que nos permitiría explicar o resultado das nosas racións ou a estacionalidade da recollida de graxa e proteína; primeiro capturabamos a información subindo e baixando ficheiros ata que os laboratorios interprofesionais (aínda que non todos deron ese paso) ofreceron os seus servizos de consulta web e de servizo web.

Nese momento cuestionámonos que sería importante incorporar as entregas de leite para cruzar a información co seu pagamento por calidade e así conseguimos avanzar na comprensión da granxa. ►►

¡Abre bien los ojos!



No todos los fertilizantes nitrogenados son iguales.

Numerosos estudios de I+D han demostrado que la menor pérdida de nitrógeno se consigue con la aportación de un **equilibrio perfecto** en **nitrógeno** y **magnesio** lo que se traduce en mayor proteína y cantidad de forraje.


Fertimón ha conseguido con **NITROFERTIMON**, ese equilibrio a un nivel que no aporta ningún otro fertilizante.



GRUPO
SOAGA

Parque Empresarial Vilanova I
36614 Balon - Vilanova de Arousa (Pontevedra)
Tf. 986 51 60 30 - soaga@soaga.com
www.soaga.com

► NAQUELES MOMENTOS O CONTROL LEITEIRO ERA (E SEGUE A SER) UNHA DAS PRINCIPAIS FONTES DE DATOS PARA ESTUDAR DIFERENTES ASPECTOS DA GRANXA



O que empezou case como unha curiosidade foi montando unha bóla que seguía e seguía a engordar. Non en van, a día de hoxe falamos da “Internet das granxas”, igual que falamos da “Internet das cousas”.

Por iso é polo que chegamos a un momento de reflexión onde pensamos que non era suficiente con alagarnos de gráficas e informes que se xuntaban nas coziñas das granxas cos do famoso ReproGtv ou o propio control leiteiro.

Había que darlle unha lóxica a todo iso e decidimos pensar no módulo que manda nos negocios, o de xestión **económica** (se gaño diñeiro, non teño un problema, pero, se perdo diñeiro, si teño un problema).

Contactamos (hai xa uns dez anos) co referente en xestión económica do porcino, a empresa SIP Consultors, para implementar todo o sistema e poboalo de simuladores. A conclusión nese momento foi que o sector do va-

cún non estaba preparado para esa actividade como si o estaba en porcino, onde eles exercían o liderado. Por iso e por outras razóns cortamos a colaboración, aínda que os dous continuamos involucrados cos nosos programas, pero por separado. ►►

¡Es el momento de digitalizar tu ganadería GRATIS!

Continúa abierto el plazo para solicitar el Kit Digital, la iniciativa del Gobierno de España que promueve la digitalización de pequeñas y medianas empresas.

TODAS NUESTRAS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SON 100% SUBVENCIONABLES.

- **Hasta 2000€ en empresas de 0 a 2 empleados**
- **Hasta 5000€ en empresas de 3 a 9 empleados**

Nosotros nos encargamos de la tramitación y justificación, para que no tengas que preocuparte por nada.



Rumi es el collar de monitorización de ganado vacuno más versátil del mercado

Rumi se adapta a tu ganadería, ya sea intensiva, extensiva o semiextensiva.

- ALERTAS DE CELO con seguimiento en tiempo real y ventana óptima de inseminación
- ALERTAS DE ENFERMEDAD con seguimiento en tiempo real de su evolución
- GESTIÓN REPRODUCTIVA
- REGISTRO DE GENEALOGÍA
- CUADERNO DE PASTOREO AUTOMÁTICO
- LOCALIZACIÓN GPS

Consúltanos tus dudas y pídenos un presupuesto sin compromiso.



644 586 245

hola@innogando.com

Facebook: www.facebook.com/innogando

Instagram: www.instagram.com/innogando

www.innogando.com



▶ O SECTOR SEGUÍA SEN ESTAR PREPARADO PARA ASUMIR TANTO DATO, PERO NÓS XA NON PODIAMOS PARAR, E MÁIS TENDO EN CONTA A CHEGADA DOS ROBOTS DE MUXIDO

dispersa porque adoitan vender o seu software propietario co panel) cada vez está máis preto.

Sen darnos conta, íamos creando un completo sistema de información onde combinabamos o uso do censo para amortizar vacas, para calcular a reposición necesaria ou para estar seguro de que os índices reproductivos se calculaban sobre as vacas existentes nese momento.

NACE A INTERNET DAS GRANXAS

A bóla de neve non paraba e íámonos achegando á época da Internet das granxas, así que creamos www.elinternetdelasgranjas.com e integramos sensores de temperatura e humidade para ver como influía o THI nos índices de calidade de leite ou na produción. Iso que entón era algo anecdótico agora vese como algo necesario e xa integramos caudalímetros e todo tipo de tecnoloxía. ▶▶

A día de hoxe, nin sequera a aparición da Lei da cadea alimentaria conseguiu implicar os gandeiros de forma masiva e colaborativa na peza máis importante do quebracabezas.

“Fabricando” o módulo económico démonos de conta de que, se a alimentación supón polo menos o 50 % do gasto na granxa, tamén se merecía ser a segunda gran pata do programa, xa que a eficiencia nutricional aparece como a gran chave do éxito.

Así o fixemos e, á vez, investimos en aplicacións móbiles para facilitar a introdución das descargas dos carros, os eventos ou as patoloxías.

Lonxe de ser un éxito decatámonos de que a xestión da nutrición non era (nin o é a día de hoxe) un tema interiorizado no manexo diario dos datos, ao ter que dedicarlle uns cinco minutos diarios para anotar as descargas, aínda que estamos seguros de que a integración dos datos dos paneis de carro (sempre

Producción Más Rentable



Producción



Reproducción



Salud



Sostenibilidad

Smartamine[®], ¡INIGUALABLE!

Una forma de producir rentable y sostenible en el tiempo



SmartLine[™]


Adisseo, líder mundial en aminoácidos protegidos desde 1990.
Consulta a tu técnico de confianza.

+34 974316092

@ Info.nasp@adisseo.com



ADISSEO
A Bluestar Company



► CHEGAMOS Á CIMA DO NOSO TRABALLO CREANDO O SIMULADOR ECONÓMICO, VERDADEIRO MOTOR DO PROGRAMA, QUE CHE PERMITE FORMULAR PRESUPOSTOS E OBXECTIVOS

O bloque de reprodución xa existe desde 2016 e presentouse no seu día no XXI Congreso da Asociación Nacional de Especialistas en Bovino (Anembe). Ímonos facendo vellos...

O esforzo en programación para min foise complicando, xa que agora esixía dar un formato homoxéneo a tanto bloque: produción, reprodución, calidade de leite, xestión económica, patoloxías, recría...

Así que, unha vez máis, houbo que sentar e reflexionar. Creáramos tamén a posibilidade de recoller datos das instalacións e de gravar un *score* de vacas, outro de xovencas e un de granxa. Decidimos xuntalo nun módulo novo que chamariamos de "benestar animal" e empezamos a desexar desacelerar un pouco para poder recuperar a saúde mental.


O sector seguía sen estar preparado para asumir tanto dato, pero nós xa non podíamos parar, e máis tendo en conta a chegada dos robots de muxido, onde a integración de datos é tal que nos permite crear un centro de custos por vaca.

Xa eramos capaces de descubrir detalles sorprendentes (sempre cru-

zando datos duns módulos con outros), pero de forma ordenada. Os datos sempre nos daban resposta ás nosas preguntas: unha mortalidade en xatos do 30 % permitíanos sospeitar de pneumonías antes de chegar por primeira vez a ver a granxa, e iso que nas xovencas só tiñan un 6 % de mortalidade, unha curva de lactación cun pico moi tardía facíanos preguntar polo manexo das vacas secas. O sistema empezábase a crear.

Con todo, o inxente traballo que fixemos no seu día con SIP realizando un simulador económico levounos a crear diferentes simuladores que, con datos inventados, permitían aprender antes de enfrontarse aos datos reais: canto custan os días en leite na túa granxa ou canto diñeiro perdes por ter unha mellorable reposición...

Así creamos www.cowculations.com, que agora é un potente proxecto *esponsorizado* por Laboratorios Fatro.




► O MÉRITO SEMPRE É DO TÉCNICO QUE CONSIGA CREAR UN ORZAMENTO COHERENTE QUE FAGA GAÑAR DIÑEIRO AO SEU CLIENTE E DO GANDEIRO QUE CONSEGUE EXECUTALO

A CIMA DO NOSO TRABALLO: O SIMULADOR ECONÓMICO

E, por fin, chegamos á cima do noso traballo creando o simulador económico, verdadeiro motor do programa, que che permite formular presupostos e obxectivos, igual que fai calquera empresa doutros sectores.

Convertemos a *cowsulting* nun verdadeiro *data warehouse* (almacén de datos) pero, sobre todo, nunha base de coñecemento para analizar granxas.



Ao final, o mérito sempre é do técnico que consiga crear un orzamento coherente que lle faga gañar diñeiro ao seu cliente e do gandeiro que consegue executalo.

Agora que está de moda, un verdadeiro “veterinario de explotación” non só nos axudará cos papeis e as temidas receitas senón que nos axudará e guiará no desempeño da granxa, exercendo do que nós chamamos un *cowsultor*.



PREGUNTAS ANTE OS NOVOS RETOS

Pero temo que as cousas non van quedar aí. As subvencións axudáronnos a desenvolver economicamente as granxas, pero aparecen novos retos. Ou credes que tras unha pandemia

e unha guerra a PAC 2023 se manterá cos mesmos fondos? Ou quizais se recortarán con base nunha maior esixencia no control dos datos?

Como lle imos trasladar datos de pegada de carbono á futura aplicación ECOGAN do Ministerio se non sabemos nin os litros de gasoil consumidos na granxa? Como imos baixar o consumo de antibiótico se non anotamos correctamente as patoloxías que sofren as nosas vacas? Como imos crear mellores técnicas dispoñibles (MTD) para baixar a pegada de carbono se nin sequer sabemos calculalo?

Desde www.cowsulting.com estaremos dispostos a axudar sempre desde un punto de vista colaborativo e gratuito a que ninguén quede descolgado se non quere, e tamén a tentar motivar para que “ninguén queira quedar descolgado”. ■

NOTA DO AUTOR

Por todo o mencionado neste traballo, iniciamos unha serie de artigos en *Vaca Pinta*, onde contaremos o noso “sistema de traballo” para que algúns o copien, outros o rexeiten ou, o que queira, suba a sementar datos no seu *cowsultor* de elección.



**Raiado
ou
salpicado**
de superficies de formigón



EVITA ESOS PISOS NOS QUE OS ANIMAIS CAMIÑAN CO MEDO DE ESCORRER.

643 056 723

raiaousalpica@gmail.com